Ordes VII

CARA 1

Ordes VII, 1, O Arroio, Parada, Ordes 1

CD 15, 1-2

María 48 anos (procedente Guindibó)
Jesús 58 anos (home de María)

(1) muiñeira

10. 1) /: ¡Ai! O cura chamoume Rosa, :/
eu tamén lle respondín-he:
/: "Señor cura, estas rosas :/
non se tén no seu xardín-he.
ai la...

(1) I 521

18. 2) /: Vámonos d'aquí qu'é hora(s) :/
qu' ehí vén o carro d'estrelas
por riba das casas novas.
ai la...

(1) A A' B C / 1 1 2 3 I 493 VI 2201 b

34. 3) Unha noite me culleron
nunha fiada de lan-he;
unha noite me colleron,
outra non me collerán-he.
ai la la la...

A B C D D / 1 2 3 4 0 0 (1) I 217d

40. 4) Unha noite fun ó muiño
cun fato de nenas novas;
/: elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas. :/

(1) A B C D C D / 1 2 3 4 3 4 I 72e I 192f